

Notas sobre aspectos histórico-artísticos dalgunhas parroquias de Castro de Rei

Patricia Meilán Jácome

O obxectivo deste artigo nun primeiro momento foi a realización dun novo inventario das igrexas do Concello de Castro de Rei, pero así que comezamos a súa elaboración démonos conta de que tiña unha extensión moito máis ampla do que nos imaxináramos, polo tanto, tivemos que reducir as nosas expectativas e escoller as igrexas que pola súa proximidade ó Castro de Viladonga, se poidesen amoldar á publicación dun artigo.

Tras o seu estudo poidemos observar unha serie de pautas na súa tipoloxía que se repiten na maioría das igrexas desta zona. Teñen unha sinxela planta que consta de nave rectangular cuberta a dúas augas con teito de madeira, capela maior a catro augas e sacristía adosada á cabeceira. Ó exterior soen estar encaladas e a fachada rematada por unha espadana.

A nosa primeira visita foi á igrexa de **San Salvador de Balmon-te**, situada no alto da aldea, preto do cemiterio. Alí atopamos un interesante peto de ánimas realizado a base de laxes de lousa e coroado por tres remates tronco-piramidais; non conserva imaxes. A igrexa destaca, a primeira vista, polo seu airoso campanario. Ten planta de cruz latina, cunha soa nave, capela maior e laterais e sacristía adosada á cabeceira. Foi construída a comezos do século XX e, como era común, os seus muros estiveron encalados tanto no exterior coma no interior. O teito da nave principal é a dúas vertentes, mentres

que o cruceiro atópase cuberto por unha especie de bóveda, moi baixa, que ó exterior cúbrese a catro augas. No interior destacan o arco triunfal de acceso ó cruceiro e os retablos das capelas. No altar maior podemos ver un retablo de estilo neoclásico que Nicanor Rielo¹ data a finais do século XIX; consta de catro *hornacinas* para as imaxes, tres na parte inferior e unha na superior, coroando o retablo que ten forma triangular; columnas lisas de orden composto na parte inferior e pilastras acanaladas na parte superior, unidas as dúas partes por unha especie de rocalla, a imitación do modelo ideado por Alberti.

Na *hornacina* central hai unha imaxe de vestir da Virxe co Agnus Dei, na da dereita atopámonos cun San Isidro Labrador, caracterizado como un home maduro, con barba e vestido cun saio largo, levando os seus atributos habituais, a aguillada e mailo arado tirado por un par de bois. Do lado esquerdo atopamos unha Virxe do Rosario co Neno, e coroando o retablo San Salvador, titular do templo. Polo tamaño dos santos podemos apreciar que non pertencían ó retablo, ou, se así fose, terían inicialmente outra colocación, xa que a Virxe do Rosario sobreesa demasiado da súa *hornacina*, men-



¹ VV.AA.: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, Tomo VI, Ministerio de Cultura Dirección General de Bellas Artes y Archivos, Ed. Rivadeneyra, Barcelona, 1983, páxs. 190-191.

tres que a outra Virxe, a colocada no centro do retablo, fáiselle moi grande. Na capela da esquerda temos dous retablos, un pequeno con portas adicado ó Sagrado Corazón, de recente feitura, e outro facendo conxunto co retablo maior pero rematado en frontón triangular cunha preciosa imaxe da Virxe do Carme. Na capela lateral dereita sitúase un pequeno retablo das mesmas características cunha soa *hornacina* adicado a Santa Lucía, de talla popular e un San Antonio de Padua co Neno sobre o altar que, segundo Nicanor Rielo, portaba unha cruz cunha inscrición alusiva a unha doazón, aínda que hoxe atópase separada do santo e colocada no retablo maior.

Ó exterior, a igrexa presenta os seus muros encalados cunha cornixa de granito biselada recorrendo a parte superior dos mesmos, pero sen dúbida o máis chamativo do templo e o seu campanario, formado por dous prismas cadrangulares superpostos, o superior de menor tamaño, con catro vans cada un, decorados nas esquinas con pináculos e rematado todo cun prisma cadrangular.

A nosa seguinte visita foi á igrexa da parroquia de **San Martiño de Goberno**, un edificio de finais do século XVIII ou comezos do XIX, que goza dun estado de conservación excelente grazas a unha restauración realizada polo párroco recentemente. Segue a tipoloxía común da zona pero en vez dun arco triunfal de medio punto, que sería o máis común,



atopamos un dintel sobre impostas de granito, que na parte superior está recuberto por un armazón de madeira e nos laterais deixa ver o *sillarejo* de lousa, igual que nas fiestras, o cal contrasta co encalado do interior. O feito de substituír arco por dintel fai dela unha variante tipolóxica muy interesante pola súa singularidade. Hoxe en día non ten retablo no altar maior, nembargantes López Pombo fai referencia a que tería un fai tempo². Agora consta dunha serie

de peñas sobre as que se colocan os santos. No centro sitúase un Cristo Crucificado, o Cristo é de recente adquisición, mentras que a Cruz atopábase xa na igrexa, ós lados vemos dúas imaxes da Inmaculada e nas esquinas dúas esculturas, unha de San Martiño e outra de San Antonio, realizadas por un escultor de Prevesos, Navagildo Novo –“Muiño Novo”-, que realizou máis esculturas dentro do concello³. Gárdase outra Inmaculada Concepción no interior

² LÓPEZ POMBO, J.L.: *Castro de Rei. Historia, Arte y Patrimonio*, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial de Lugo, Lugo, 1999, páx. 122.

³ Entre elas podemos citar o Cristo da igrexa de Prevesos.



da sacristía, unha imaxe para vestir, pendente dunha restauración debido ó seu mal estado de conservación. Ó exterior móstrase esa forma característica destas igrexas de nave única rectangular cunha fachada salientada polo campanario; atópase encalada mostrando o *sillarejo* de pedra só nas esquinas e marcos de portas e fiestras. A fachada presenta unha porta de acceso principal adintelada, coroada cunha fiestra, na que deixaron á luz a forma dun arco primitivo que tería a igrexa.

Fomos despois á capital do concello, **Castro de Rei**, onde a igrexa, de igual maneira que outras moitas da comarca, é unha sinxela construción

do século XVIII, remodelada en 1990, que se atopa no alto da vila, nunha pequena praza. A súa tipoloxía e coma a da maioría das igrexas da zona. Cabe destacar o chan de baldosa e lousa que lle puxeron na última reforma e que neste caso a pedra exterior queda á vista, pero no interior está encalada, excepto o arco triunfal de *sillares* de granito, e tamén as vidreiras de cores representando a San Xoán e a Inmaculada realizadas polo artesán Neira Broch. Destaca no altar maior o precioso retablo cedido á parroquia pola diocese de Mondoñedo; un retablo barroco dun só corpo rematado en arco lixeiramente apuntado, finamente labrado en madeira nobre, cunha soa *hornacina*

rematada en venera, flanqueada por sendas columnas salomónicas decoradas por tallos, follas e racimos de vide. O sagrario está decorado cun relevo dunha águia alimentando ós seus aguiachos, e sendas águas nas esquinas do retablo. Todo o resto está labrado con elementos decorativos vexetais, veneras, roleos, etc. tipicamente barrocos.

A *hornacina* central arroupa a imaxe dunha Virxe Inmaculada de boa calidade; ós lados do retablo destacan sendas peñas que sosteñen as imaxes de San Xosé co Neno e San Antonio de Padua, tamén de moi boa calidade. Nos laterais atopamos dúas peñas con tallas: á dereita unha Virxe co Neno, posiblemente a Virxe do Carme -aínda que lle falta o escapulario- e á esquerda o titular, San Xoán Bautista co carneiro ós pés. No interior da sacristía atópase gardado en espera de restauración un Sagrado Corazón tamén de boa factura. Ó exterior destacan os *sillares* de pedra nas esquinas, fiestras e portas; o campanario, moito máis discreto e pequeno que os vistos ata o de agora, e o óculo sobre a porta principal de acceso, para dar luz ó interior, aínda que é unha luz tamizada polas vidreiras de cores que lle dan a esta igrexa un aspecto diferente das outras.

No noso estudo incluímos tamén as igrexas de Azúmara e Ramil, pola súa proximidade ó castro de Viladonga. A primeira delas, **San Xoán de Azúmara**, dátase no primeiro tercio do século XVIII, dando López Pombo⁴ unha data exacta,

⁴ LÓPEZ POMBO, J.L.: *op. cit.*, páxs. 97-100.



1726. Hoxe en día atópase en obras de rehabilitación e restauración. A tipoloxía é a mesma xa explicada con anterioridade dunha soa nave rectangular e capela maior con sacristía adosada. Ó exterior está todavía en cemento e ladrillo pero xa ten as esquinas, portas e fiestras en sillares de granito ben labrado. A espadana da fachada non se atopa rematada, pero os veciños de Azúmara lembran outro campanario moito máis grande co de agora, que pode ser ó que fai re-

ferencia Nicanor Rielo no *Inventario artístico de Lugo y su provincia*⁵. No interior tamén se recorda a existencia dun retablo maior, pero éste xa non o recolle Rielo. Hoxe en día no testeiro fíxose unha especie de *hornacina* na que se colocou un moderno sagrario e una talla do titular, San Xoán Bautista; mentres que no lado esquerdo realizaron un moderno e moi sinxelo retablo, casi máis a modo de peaña onde se sitúa unha Virxe de Fátima, doazón dun veciño da parroquia. Na

igreja tamén destaca a pía de auga bendita, da mesma época co templo, realizada en granito e decorado con *gallones*, nos que todavía podemos albiscar restos de policromía. Na sacristía gárdase unha lápida fundacional, rota e incompleta, descuberta nunha reforma nos anos 90.

Santa Mariña de Ramil, das mesmas características que a anterior, ten o chan do interior reformado cun solado de plaqueta e lousa. A sacristía atópase adosada nun dos laterais e ten coro ós pés da igrexa. Destaca tamén o gran arco triunfal do interior realizado en *sillarejo* de lousa sobre pilastras con capitel moldurado. No altar maior está colocado un gran retablo de estilo neogótico realizado en madeira de castiñeiro con partes douradas. Trátase dunha reinterpretación do gótico, de forma aínda non moi recargada, con remates en pináculos, arcos trilobulados e certa filigrana, pero non demasiado esaxerada. Consta dun só corpo con tres *hornacinas*, na central atópase unha Virxe co Neno, á dereita Santa Mariña, a titular, que aparece representada coa palma do martirio e a cruz, e á esquerda San Antonio de Padua co Neno, co hábito franciscano. Debaxo de Santa Mariña atópanse unhas pequenas figuras: un anxo e una santa Teresa co libro na man esquerda e que na dereita poido ter unha pluma, atributo que alude ós seus escritos. Nas peñas dos laterais hai, na da dereita, unha tosca figura da Virxe do Carme, e na da esquerda unha Dolorosa de vestir

⁵ VVAA.: *op. cit.*, páxs. 150-151.

con seis puñais cravados no corazón. Esta imaxe, aínda que se atopa nun estado non moi bo xa que lle falta o pelo e algúns puñais, ten unha vestimenta de gran calidade con capa de seda. Tamén do lado dereito da nave se sitúa un altar que López Pombo data no século XVIII, de estilo salomónico rural, con dous corpos, o de abaixo composto por tres *hornacinas* e o superior por unha, e coroado con símbolo mariano, mentres que nos laterais leva dous dragóns. Este retablo atópase un pouco deteriorado, necesitando unha restauración bastante urxente tanto da estrutura como da policromía, debido a que lle faltan algunhas pezas do entablamento. As imaxes que aparecen aquí son unha Virxe co Neno no centro, á dereita Santa María Goretti caracterizada como unha nena cos lirios na man, á esquerda un San Xosé de moi boa factura, e coroando San Luis Gonzaga que viste sotana negra e sobrepellicón branco, representado como un home xoven e imberbe, cun crucifixo nas mans. Ós pés da igrexa atópase gardada nunha pequena vitrina, unha imaxe de poñer de Santa Mariña, santa de devoción popular, de feitura tosca, que o párroco pon ós feligreses para que a biquen.

Por último, a igrexa de **Santiago de Viladonga** co seu adro pechado no que se celebra a festa (aínda con palco da música) e o cemiterio ó lado. Á diferencia das outras igrexas, a súa planta ten unha capela lateral á esquerda da nave que comunica coa sacristía adosada á



capela maior. A esta capela accédese a través dun arco de medio punto sobre pilastras con capitel biselado que é igual co arco triunfal. Estas dúas construcións son engadidos posteriores á edificación primitiva, como se pode deducir pola existencia dun campanario no lateral esquerdo da capela maior; tamén é un engadido a construción da escaleira exterior lateral que dá acceso ó campanario da fachada. Dous elementos chamativos deste templo son: no interior, o piso orixinal de grandes lousas e, no

exterior, unha pía de auga bendita de granito. Con respecto ós retablos, o maior está adicado ó Rosario; é unha magnífica peza datada contra o último tercio do século XVIII⁶. Consta dun sinxelo banco decorado por molduras e floróns cun sagrario na parte central. Esta parte está enmarcada por dúas columnas de orden corintio e consiste nunha especie de *hornacina*-camerín cunha pequena cupuliña que sobresaia ó exterior decorada con *gallones*. Dita *hornacina* está rodeada por unha orla de quince

⁶ VVAA.: *op. cit.*, páxs. 150-151.

medallóns que representan os misterios do Rosario, nas esquinas inferiores relevos de ánimas no purgatorio, mentres que nos esquinais da parte superior López Pombo interpreta as figuras como ánimas conducidas ó ceo por anxos e no centro o Espírito Santo; nos laterais cadansúa peaña, na *hornacina* central está colocada unha talla de vestir da Virxe do Rosario e ós lados outra Virxe do Rosario e a Virxe do Carme. Este retablo atópase nun estado de conservación malo e precisaría dunha boa restauración xa que está perdendo toda a súa policromía. Na capela esquerda hai outro retablo de menores dimensións, de estilo neoclásico realizado en madeira de castiñeiro sen policromar. Está formado por un só corpo con tres *hornacinas* separadas por

pilastras caxeadas e decoradas con relevos de froitas ó igual co friso e todo rematado por un frontón triangular; na *hornacina* central, cunha bóveda casetonada, colócase unha escultura de Santiago Matamoros que precisaría unha restauración da súa policromía, mentres que nos laterais colócanse unha Inmaculada de vestir e un San Antonio de feitura moi ruda. Nesta capela tamén se atopa, nun lateral e sobre peaña, unha figura da Virxe, posiblemente a Inmaculada pois está enriba dunha media lúa. O retablo do Rosario non é orixinal do altar maior, senón que alí habería outro que figura descrito no *Inventario artístico de Lugo y su provincia* pero que non é tampouco o retablo da capela lateral, xa que este conta cun único piso.

BIBLIOGRAFÍA

- CARMONA MUELA, J.: *Iconografía de los santos*, Ed. Istmo, 2003, Madrid.
- VV.AA.: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, Ministerio de Cultura Dirección General de Bellas Artes y Archivos, Ed. Rivadeneyra, Barcelona, 1983.
- LÓPEZ POMBO, J.L.: *Castro de Rei. Historia, arte y patrimonio*, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial de Lugo, Lugo, 1999.
- GARCIA IGLESIAS, J. M.: *Pazos de Galicia. Inventario del patrimonio histórico gallego. Análisis documental*. Colegio oficial de Arquitectos de Galicia, A Coruña, 1992.